

Comercial – Residencial: novo grupo de traballo

Empresa, CCOO e UGT ignoran a voz d@s traballador@s

Na Comisión de Xestión celebrada o xoves 28 de maio, a empresa informou oficialmente da intención de crear un novo grupo de traballo dentro do departamento de Residencial, en Comercial (Hércules). A nova actividade está dirixida á contención de baixas, a empresa pasará en bloque un grupo de **Desarrollo** a esta nova actividade.

Despois da exposición feita pola empresa, dende a CIG solicitamos que a creación do grupo que leve esta nova actividade, se faga atendendo á voluntariedade, tal e como solicitan os traballadores e traballadoras no escrito que asinaron.

Explicamos que sendo unha actividade nova, debería dársele oportunidade a calquera traballador ou traballadora do departamento para formar parte deste novo grupo, establecendo os criterios que se consideren oportunos. Na nosa exposición aludimos á Comisión de Comercial do pasado 15 de abril onde se recolle que neste proceso haberá voluntariedade.

Para a empresa a voluntariedade consiste en que pasan en bloque a todo o grupo, a non ser que alguén dese grupo se negue a pasarse, pero nada máis. Explicamos de novo que a CIG non entende a voluntariedade desa maneira senón como a expuxemos anteriormente.

Curiosamente CCOO e UGT se aliñaron completamente coa postura da empresa, para eles a voluntariedade que acordaron na Comisión de Comercial é precisamente esa: a non ser que alguén se negue, pasarán os que quere a empresa. **Curiosa maneira de entender a voluntariedade.**

A pesar de que os traballadores e traballadoras teñen expresado a súa postura por escrito e asinado pola inmensa maioría, Telefónica, CCOO e UGT ignoran completamente a súa opinión e actúan conxuntamente para implantar o sistema que á empresa lle interesa, en contra dos intereses dos traballadores e traballadoras.

Dende a CIG entendemos que estas actitudes, por parte dos socios da empresa, son as que están a permitir o deterioro nas condicións de traballo do cadro de persoal.

Loita coa CIG na defensa dos teus dereitos !!!

A Coruña, 29 de maio de 2009